

ACTA 1ª SESIÓN MESA CONTRATACIÓN EXPEDIENTE: 2744/2020

CONTRATACIÓN DE SERVICIOS E SUBMINISTRO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA INTEGRADA DA ÁREA ECONÓMICA E DE PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA

Na sala de xuntas do Concello da Estrada sendo as 12:33 horas do día 5 de outubro de 2020, constitúese a Mesa de Contratación, para levar a cabo o exame da documentación presentada polos licitadores para a adxudicación do contrato arriba referenciado, cuxa orde do día é a que a continuación se indica, e que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente: D. José C. López Campos

Vogais:

Dna. M.ª Jesusa Fernández Bascuas (Secretaria)
Dna. Carmen Gómez Otero (Interventora)
Dna. Paula Yebra Roviral (Tesoureira acctal.)
D. Marcos Andújar Mato (Informático)

Secretaria:

Dna. Vanessa Rodríguez Varela (Administrativa do Concello).

Non asiste ningún membro do grupo municipal BNG.

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- Acto de apertura de documentación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2744/2020 para adxudicar o contrato mixto de **SERVIZOS E SUBMINISTRO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA INTEGRADA DA ÁREA ECONÓMICA E DE PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA**

SEGUNDO.- Acto de apertura de criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (art. 159) para adxudicar o contrato mixto de **SERVIZOS E SUBMINISTRO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA INTEGRADA DA ÁREA ECONÓMICA E DE PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA**

Iníciase a sesión e, constituída a Mesa, dáse conta do informe xerado pola Plataforma de Contratos do Sector Público (PLASCSP) relativo aos licitadores presentados, e que son os que se relacionan a continuación:

LICITADOR: B59383596
Razón social: ABS INFORMÁTICA, SLU
Fecha de presentación: 28/09/2020 17:27:36

LICITADOR: B92520451
Razón social: GT3 SOLUCIONES S.L.
Fecha de presentación: 29/09/2020 11:20:47

Seguidamente preguntado pola Secretaria da Mesa aos compoñentes da mesma, todos eles manifestan que NON se atopan incursos, en algunha situación pasada, presente ou que poida xurdir nun futuro previsible, de conflito de intereses con respecto das entidades que concorren ao presente proceso de contratación, asinando o documento do Anexo Final do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e que serán incorporados ao correspondente expediente electrónico deste contrato.

A continuación iníciase o “Acto de apertura de documentación administrativa” correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente



2744/2020 para adxudicar o **contrato mixto de SERVIZOS E SUBMINISTRO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA INTEGRADA DA ÁREA ECONÓMICA E DE PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA**

Estando ante un expediente de licitación electrónica, iníciase a sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP), e seleccionado o **“Acto de apertura e calificación administrativa”**, dáse comezo ao mesmo procedéndose á apertura dos sobres presentados.

A documentación contida nos arquivos (Sobre A) é a que se indica a continuación:

LICITADOR: B59383596
Razón social: ABS INFORMÁTICA, SLU
Documentación presentada:
DEUC
Anexo II
Compromiso de adquisición de medios
Outra documentación
Autorización de consultas

Entende a Mesa que se debe requirir a presentación do Anexo VIII e o Anexo X debidamente asinados, tal e como esixe no PCAP

LICITADOR: B92520451
Razón social: GT3 SOLUCIONES S.L
Documentación presentada:
DEUC
Anexo II
Anexo VIII
Anexo X
Compromiso de adquisición de medios
Outra documentación
Autorización de consultas

Á vista do anterior, e de conformidade co disposto na cláusula 24 do PCAP e artigo 141 da LCSP, a mesa ACORDA

1º.- Admitir inicialmente ao seguinte licitador:

LICITADOR: B92520451
Razón social: GT3 SOLUCIONES S.L

2º.- Admitir provisionalmente ao licitador ABS INFORMÁTICA, SLU, B59383596 requiríndolle para que presente, no prazo máximo de tres días hábiles, a seguinte documentación: Anexo VIII e o Anexo X debidamente asinados, tal e como esixe no PCAP.

Á vista do anterior dase por rematado este acto e suspendéndose a sesión ás 13:10 horas á espera de que por parte do licitador se presente a documentación requirida.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA DA MESA

Documento asinado dixitalmente á marxe

